

Figura	Definición	Exemplo
Hipérbole	Amplificación dunha idea, ás veces ata a esaxeración, para enfatizala.	Hai que defender o idioma como sexa: con rabia, con furor, a metrallazos. Hai que defender a fala en loita rexa con tanques, avións e a puñetazos.  Manuel María
Imaxe	Expresión dunha representación ou dun concepto por medio da evocación de relacións entre as cousas. Os dous elementos expresamente relacionados identifícanse entre si.	Roubáronnos o sol, o paquebote esmaltado que cosía con liñas de fume áxiles cadros sen marco.  Manuel Antonio
Metáfora	Relación entre dous elementos, inicialmente diferentes, que substitúe a un elemento real por outro imaxinario.	O ar semellaba unha camelia branca que se tornase en chuvia, en sombra, en pura ausencia.  Luz POZO GARZA
Metonimia	Substitución dun termo por outro propio que está ligado ó primeiro por unha relación lóxica (continente/contido, efecto/causa, etc.).	Bebeu un vaso.; O primeiro violín.; Cando me veña a vellez e teña neve nas tempas e nas cellas...  (Os autores)
Sinécdote	É unha variante de metonimia que permite expresar un todo por unha das súas partes ou viceversa.	Unha vela ao lonxe e nós náufragos ao abeiro da lúa.  (Os autores)
Paralelismo	Repetición dunha mesma estrutura sintáctica en diversos versos seguidos.	A morte dos mamíferos A morte das princesas de cabelos de ouro A morte dos parques desolados, A morte da noite. [...]  Xesús Manuel VALCÁRCEL
Personificación	Consiste en atribuír calidades humanas a obxectos inanimados.	As chaves ferruxentas dalgunha casa vella Que ignoran canto séculos sulcaron a súa pel Regresan para abrimme a porta do verán.  Manuel FORCADELA
Polisíndeto	Repetición dunha mesma conxunción ó principio de cada frase.	e as gaivotas do mencer, e a mañá clara, e as súas portas estarán abertas a todos os homes e a todas as mulleres, a todas as razas e a todas as cores.  FIZ VERGARA VILARIÑO
Símbolo	É unha imaxe que suxire o que se quere expresar cun sentido literal e con outro simbólico.	Hoxe é a hora da hedra, Unha hora longuísima vías dun tempo escuro. Avanza, Avanza fría e muda Avanza fría e verde deseñando O itinerario das ruínas...  Marica CAMPO
Sinestesia	Expresión da percepción sensorial mediante un sentido distinto do que lle é propio.	O berro frío das noitaregas mouras.  Marica CAMPO